XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL

Florentino L. Cuevillas, 4 e 6 - baixo
32003 OURENSE

galicia

**Iván Rodríguez Jiménez,** secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **1 de agosto de 2018** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**VII.**- Por último, se consulta ao Xurado sobre a posibilidade de incluír un novo asunto que non puido constar na orden do día, e que o Xurado decide valorar. Refírese á solicitude de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Cavada Vella e Lamelas e outras parcelas", a favor dos veciños de San Lourenzo, no Concello de Porqueira.

De acordo co informe de Servizo de Montes do día 1 de agosto de 2018, os veciños de San Lourenzo teñen inscritos no rexistro de montes veciñais en man común tres montes veciñais: "Veiga de San Lourenzo", "Lucía ou Lama" e "Iglesia e Carreira". En total, os veciños de San Lourenzo teñen clasificada unha superficie de 184 ha.

Revisados os expedientes das tres clasificacións apreciáronse unha serie de defectos e erros materiais, resultando que o monte do que se solicita a clasificación xa estaría clasificado. Non coinciden exactamente as superficies clasificada e solicitada, pero aproxímanse: 38 ha (clasificadas como "Iglesia e Carreira"), 50 ha (como Lucía ou Lama), e 3,1 ha cedidas pola CMVMC de Santa María.

Tendo en conta os erros apreciados na clasificación, considerando que están clasificadas 184 ha e que o Servizo de Infraestruturas lle adxudicou aos veciños de San Lourenzo unha superficie de 187 ha que aproximadamente encaixan nos lindes dos montes clasificados, polo Xurado acordouse arquivar a solicitude de clasificación ao xa estar clasificadas as parcelas solicitadas.

Así mesmo, acordouse mellorar a denominación da clasificación dos montes de San Lourenzo, de acordo co seguinte:

- MVMC "Veiga de San Lourenzo", integrado polas parcelas de reemprazo da concentración parcelaria Porqueira I, cos números 428, 439, 861, 862, 863, 864, 865, 866, 879, 949, 950, 964, 1.165, 1.181 e 1.309. Superficie: aproximadamente 90 ha.

- MVMC "Iglesia e Carreira", integrado polas parcelas de aportación na concentración parcelaria II:

- No polígono 11, as parcelas 208,209-2 e 283.
- No polígono 12, as parcelas 134 e 188.
- No polígono 13, as parcelas 157, 248, 346, 363, 378, 392-1 e 393.
- No polígono 18, as parcelas 1-1, 1-2, 1-3, 2, 105, 187, 218, 328 e 340.
- No polígono 19, as parcelas 21-7, 30 e 38-1.
- No polígono 20, a parcela 1.
- No polígono 21, as parcelas 281 e 282.

Estas parcelas suman aproximadamente 97 ha.

Probablemente estas parcelas e esta superficie se vexan lixeiramente alteradas cando a concentración sexa firme e se entreguen as fincas definitivas.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a doce de marzo de dous mil dezanove.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN - OURENSE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL
XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a tres de outubro de mil novecentos noventa e seis.

**VISTO** o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado " IGLESIA E CARREIRA", a solicitude do alcalde-presidente do concello de Porqueira.

**RESULTANDO** que con data 18 de maio de 1987, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polo alcalde-presidente do concello de Porqueira, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN - OURENSE

**RESULTANDO** que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 30 de xullo de 1987, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia - lo expediente de clasificación do monte <<IGLESIA E CARREIRA>> designando instructores do mesmo a D.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL
XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Manuel Bouzas Costa e Dª Elena Barca Ramos, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do pobo , ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Porqueira e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Boletín Oficial da Provincia ( B.O.P. nº 292, do martes, 22 de decembro de 1987) e no taboleiro de anuncios do Concello de Porqueira, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados poideran comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada nengunha alegación.

**RESULTANDO** que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de como segue:

Tomo 531, Libro 44 de Porqueira, Folio 3, finca número 6.892, Anotación A.

**RESULTANDO** que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL
XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

**VISTOS**, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demáis normativa aplicable.

**CONSIDERANDO** que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

**CONSIDERANDO** que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esénciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non pudendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

CONSIDERANDO que a superficie do monte obxecto deste expediente foi afectada por un procedemento de concentración parcelaria, declarada de utilidade pública e de urxente execución polo Decreto 67/1989, do 13 de abril (D.O.G. nº 92, do 15 de maio de 1989), polo que na presente resolución procede, clasifica-las fincas de reemprazo que sustitúen, formalmente xa que materialmente non houbo modificación que alterase significativamente o seu perímetro ó monte en cuestión.

**CONSIDERANDO** que segundo informacións e testemuños resulta que o monte citado é aproveitado e posuído en réxime de comunidade xermánica polos veciños de San Lorenzo, no Concello de Porqueira.

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN - OURENSE

Os datos do citado monte son:

- Concello: PORQUEIRA
- Denominación: IGLESIA E CARREIRA
- Comunidade propietaria: veciños de San Lorenzo.
- Superficie: 38 Has. aproximadamente.

O monte está integrado polas fincas de reemprazo núms. 861, 862, 863, 864, 865, 866, 949, 950, 964, e 1.181 resultantes do acordo de concentración parcelaria da zona de Porqueira, aprobado en data un de xuño de mil novecentos noventa e catro (D.O.G. do

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL
XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

24 de agosto de 1994), sendo as súas estremas as que figuran no propio acordo.

**CONSIDERANDO** que das informacións recollidas resulta que os veciños do pobo de San Lorenzo, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

**CONSIDERANDO** que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia doo sr. alcalde-presidente do concello de Porqueira.

**O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN** á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

**A C O R D A:**

PRIMEIRO.- **CLASIFICA**-lo monte denominado "IGLESIA E CARREIRA" de 38 Has. de superficie, aproximadamente, a favor dos veciños do pobo de San Lorenzo, no Concello de Porqueira (Ourense), e coas estremas referenciadas no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notífiquese esta Resolución ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello, ó representante da comunidade vecíñal, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110. 3º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **DOUS MESES** perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural
SERVICIO DE ESTRUCTURAS RURAIS
Rúa Florentino L. Cuevillas, Nº 4 - 6 (Baixo)
32003 OURENSE

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de OURENSE
Data 28 SET. 2000
N.º ENTRADA 13407 | N.º SAIDA –

SAIDA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E POLITICA AGROALIMENTARIA
Delegación Provincial de OURENSE
Data 25 SET. 2000
N.º ENTRADA – | N.º SAIDA 10507

ARQUIVO Nº.........

DATA
Ourense, 21 de setembro de 2000.

A SUA REFERENCIA

A NOSA REFERENCIA
Estructuras Rurais.

ASUNTO
Comunicando a existencia zona de concentración parcelaria de PORQUEIRA II (Porqueira-Ourense).

DESTINATARIO

Sra. Secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Mán Común.

Rúa do Paseo, 18-5º

**OURENSE**

consta en exptes 1/2/3/4/5/6/7/8/10/11 mirmal en vol Porqueira

En defensa dos principios de competencia e coordinación que rexerán a actividade da administración e, ós efectos oportunos, comunícolle que se declarou de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona da que a continuación se relacionan os seus datos :

| | |
|---|---|
| Zona : | PORQUEIRA II |
| Concello: | PORQUEIRA |
| Decreto : | 159/1999, do 14 de maio (D.O.G. nº 104 do 2 de xuño). |
| Perímetro : | Os terreos non concentrados das parroquias de S.Lorenzo, S.Juan de Paradela de Abeleda, San Martín, Sta. María e Sabucedo.- |

Remita informe, no seu caso, a este Servicio, poñendo de manifesto se existen montes veciñais en man común clasificados.

O xefe do Servicio de Estructuras Rurais,

Asdo.: Francisco Marín Muñoz.-

Conforme:
O delegado provincial,

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.-

x - 1 b



Comunal de San Lorenzo
862
Comunal de San Lorenzo
863
Comunal de San Lorenzo
864
918
889
888
887
886
885


n d e
Comunal de
San Lorenzo
865
Comunal de
San Lorenzo
864
o
888
887
886
885


Comunal de San Lorenzo
861
Rio Limia
Comunal de San Lorenzo
862
Comunal de Lorenzo
949
Comunal de San Lorenzo
950
952
951
953
948
947
946
945
944
918
919
917
920
921
Birtadas
916


Fontaiña
965
966
967
968
969
970
986
971
Morouzos
985
972
984
964
973
983
Comunal de San Lorenzo
Comunal de San Lorenzo
982
974
975
976
Coedo
977
978
979
Comunal de San Lorenzo
1181
1180
1178
1179
1177
1176
Coedo
1175
1174
1165
1168
1166
1167
1169
1170
1171
1173
1172
1164
Coedo
1159
1163
1162
1161
OURENSE